

Concurso Euroscola 2015: IES "Praia Barraña" de Boiro

O alumnado de 1º de Bacharelato do IES "Praia Barraña" que cursa a materia TIC's está de novo inmerso na actual edición do certame *Euroscola 2015*. Nesta ocasión o concurso -organizado pola *Oficina de Información do Parlamento Europeo*- está adicado ao *Ano Europeo do Desenvolvemento 2015*.

«*Unha vida digna para todos: rematar coa pobreza e dar ao mundo un futuro sustentable*» é unha das principais mensaxes para transmitir este ano á sociedade europea. Informar sobre o papel da UE como maior doador mundial de axuda ao desenvolvemento, suscitar a participación cidadá, fomentar un sentimento de responsabilidade entre os cidadáns, sensibilizar a opinión pública sobre o papel da cooperación, acadar un compromiso público e salientar a importancia da contribución dos mozos son os obxectivos prioritarios do ano.

O Parlamento Europeo insistiu en que o centro do ano europeo debe contribuír á construción dun futuro máis xusto, máis estable e sustentable para a humanidade. O concurso está centrado en informar e achegar a xente nova ás posibilidades de participación na cooperación ao desenvolvemento, promover o pensamento crítico e o sentido da responsabilidade e convidar o medio educativo a realizar proxectos solidarios que contribúan á construción dun futuro mellor para a humanidade .

Centrados no lema do concurso- "*O noso mundo, a nosa dignidade, o noso futuro*"- o alumnado propón levar a cabo unha iniciativa que pretenderá dar a coñecer os programas europeos de cooperación ao desenvolvemento e as estratexias europeas de loita contra a pobreza dentro e fóra da UE. Farase así mesmo, un estudo de diversas ONGs que traballan na nosa comarca e realizaremos tamén unha actividade deportiva nas instalacións do noso instituto para recadar fondos para algunha destas ONGs.

Dita iniciativa leva por título "*Por un futuro máis xusto e sostible*". Toda a información que se recabará, as entrevistas que se realizarán e o proxecto final que se levará a cabo para esta actividade atóparase no seguinte blogue: desenvolvementoboiro.blogspot.com

Dada a importancia do tema de estudo, dito proxecto pora en práctica a interdisciplinaridade e a colaboración entre varios departamentos do noso instituto.



Alumnos durante a preparación da iniciativa "Por un futuro máis xusto e sostible".